



DATOS IDENTIFICATIVOS

Arte: Arte clásica

Materia	Arte: Arte clásica			
Código	O02G251V01203			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez López, Ángel			
Profesorado	Domínguez López, Ángel			
Correo-e	adominguez@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>O principal obxecto de estudo da Historia da arte son as propias obras de arte, e o seu obxectivo fundamental consiste en chegar a explicar ditas obras e a súa evolución a partires das premisas históricas. O primeiro eslavón dentro desta cadea correspóndelle á arte clásica que se acepta como a pauta estética de base de toda a produción arquitectónica e figurativa do occidente europeo. Ademais de ser a linguaxe clasicista a que ofrezca o camiño formal de máis ampla repercusión a través de toda a historia, expresando diversos contidos.</p> <p>Partindo desta base o terreo que abarca a materia divídese en dous grandes temas:</p> <p>O primeiro, orientado ao estudo da tradición artística grega, partindo da arte arcaica, pasando polo momento clásico coa análise das obras que marcan o cénit da arte grega e consagran o canon, ata a magnificencia e barroquización do período helenístico, que expandirá as súas realizacións pola conca mediterránea e levaraa ata os confíns de oriente.</p> <p>O segundo, dende a Roma primitiva ata a Antigüidade tardía, coa análise das obras clave de Etruria, da Roma republicana e da Roma imperial, abordadas como unha interpretación da estética e do ideal artístico en cada época.</p>			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
B6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
C27	Coñecementos particulares e optativos da Historia da Arte
C28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte
C29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia
C31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
C33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmobles

C34 Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte

D1 Capacidade de análise e síntese

D2 Aplicación dos coñecementos

D4 Comunicación oral e escrita no idioma propio

D5 Capacidade de xestión da información e o coñecemento

D7 Capacidade de razoamento crítico

D9 Traballo en equipo en diversos contextos

D11 Capacidade de aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: arquitectura, escultura, pintura e artes menores, os seus elementos integrantes, finalidade e destino.	A1 A3	B2		D1 D11
Aprendizaxe e lectura crítica e integral da obra de arte, tendo en conta a complexidade das súas diferentes interpretacións e significados..	A3 A4		C28 C31 C33	D2 D7 D9
Coñecemento dos fundamentos artísticos da cultura clásica de base humanística.	A5	B6	C27	D5
Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.	A3 A5	B2	C29	D4
Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte.	A5		C31 C34	
Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	A2 A3 A4			

Contidos

Tema	
1.Introdución	1.1. Conceptos fundamentais da arte e linguaxe clásica.
2. A arte grega	2.1. As orixes da arte grega: os comezos da arte monumental grega. O século de Pericles na arquitectura. Os mestres da escultura arcaica. 2.2. O momento clásico: evolución artística ao longo do século V. 2.3. Do clasicismo ao helenismo: a arte helenística.
3. A arte romana	3.1. A Arte romana: dende os comezos á arte da antigüidade tardía. 3.2. A arquitectura: edificios romanos característicos. 3.3. A escultura: relevos históricos, retratística, escultura funeraria. 3.4. Pintura mural, estuco e mosaico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	23	30	53
Obradoiro	10	10	20
Traballo tutelado	3	26	29
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	3	5	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	15	18
Traballo	4	9	13
Observación sistemática	0	5	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades previas orientadas á presentación e coñecemento do desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	Presentación na aula, mediante a exposición maxistral, dos principais contidos teóricos e conceptos fundamentais da materia.
Obradoiro	Traballos na aula co obxectivo de profundar nos temas abordados nas sesións maxistrais.
Traballo tutelado	Execución dun traballo en grupo derivado dunha selección dos fondos e coleccións museísticas ou sobre outros aspectos relacionados co contido da materia, para a súa exposición final.
Eventos científicos	Asistencia a eventos docentes e/ou divulgativos programados.
Seminario	Seguimento e orientación na execución dos traballos a realizar polos alumnos/as.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	A atención personalizada consistirá na exposición e tratamento da bibliografía principal que se empregará para o estudo de cada un dos dous grandes bloques temáticos (Grecia e Roma), encamiñado especialmente a que cada alumno poida clarificar cal é o material que debe tratar de cara o traballo de investigación que debe de realizar. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitic Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.
Obradoiro	A atención personalizada incidirá na metodoloxía a seguir para os comentarios de texto e a análise das diferentes obras de arte (exemplificación en casos prácticos de arquitectura, escultura e pintura) TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitic Uvigo), Campus Remoto, mail, e na aula e despacho cando sexa posible.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	O alumno elaborará e entregará a través de Moodle os traballos requeridos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Facer unha lectura crítica e integral da obra de arte.	30	A1 A3	B2 C31 C33 C34	C28 D1 D2 D7 D9	D1 D2 D7 D9
Exame de preguntas de desenvolvemento	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta longa. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento e comprensión dos principais fundamentos e creacións artísticas do mundo clásico	60	A5	B2 B6	C27 C29 C31	D4 D5
Observación sistemática	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a participación do alumnado. Valorarase tamén o seu traballo autónomo mediante probas de autoavaliación a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información. Aplicar os coñecementos e demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas.	10	A2 A3 A4 A5			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirán acceso aos materiais precisos para adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguemento individualizado da participación do alumno a través da TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc..). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continúa. Asimesmo deberá acudir ás probas que o docente considere imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio, que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

- BIANCHI BANDINELLI, Ranucio, **El arte de la antigüedad clásica: Etruria y Roma**, 1ª, Akal, 2000
 BLANCO FREIJEIRO, Antonio, **Arte griego**, 3ª ed. renov., CSIC, 2011
 BOARDMAN, John, **El arte griego**, 4ª, Destino, 2002
 GARCIA Y BELLIDO, Antonio, **Arte romano**, 5ª, CSIC, 2005
 ROBERTSON, Martín, **El arte griego: introducción a su historia**, 5ª, Alianza, 2006

Bibliografía Complementaria

- ANDREAE, Bernard, **Arte romano**, 1ª, Gustavo Gili, 1974
 HENIG, Martín, **El arte romano**, 1ª, Destino, 1985
 HENIG, Martín, **El arte romano: una revisión de las artes visuales del mundo romano**, 1ª, Destino, 1985

POLLIT/POLLITT, Jerome Jordan, **Arte y experiencia en la Grecia clásica**, 1ª, Xarait, 1984

RICHTER, Gisela Marie Augusta, **El arte griego: una revisión de las artes visuales de la antigua Grecia**, 4ª, Destino, 1988

WHEELER, Mortimer, **El Arte y la arquitectura de Roma**, Reimp., Destino, 1995

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Historia da arte medieval/O02G251V01404

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Arte: Linguaxes e técnicas artísticas/O02G251V01103

Outros comentarios

Os alumnos que non cursaron Hª da Arte no bachillerato deben completar a súa formación previa coa lectura dun manual dese nivel.

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen

Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos[]) manteranse mediante a utilización combinada de FaiTic e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican

As saídas de campo que non poidan realizarse, substituiranse por visitas virtuais utilizando os recursos online que ofrecen organismos públicos, empresas, institucións culturais, etc.

Os eventos científicos que aínda non se celebraron, substituiranse por conferencias ou eventos dispoñibles en vídeo.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada de FaiTic (foros, corrección comentada de tarefas[]) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo).

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir

Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.

O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado polo profesor e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións

Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia.

* Información adicional

Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos de FaiTic. Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa en FaiTic.

A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa en FaiTic. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.
